

## VI.- OS FASCISMOS

A palabra “**fascismo**” procede da palabra italiana “fasci” (do latín “fasces”) e fai referencia ao feixe de varas de madeira rodeando unha machada que levaban determinados maxistrados da antiga Roma como símbolo de **autoridade**. Podemos definir o fascismo como unha doutrina política conservadora, baseada na exaltación nacionalista, o desprezo pola democracia, a implantación dun réxime ditatorial dirixido por un único líder, que exerce un control absoluto sobre a sociedade e menospreza a liberdade do individuos.

Considéranse fascistas os réximes políticos existentes en **Italia** entre 1922 e 1943 (dirixido por Mussolini) e en **Alemaña** entre 1932 e 1945 (dirixido por Hitler).

### A.- O FASCISMO ITALIANO

► As **causas** que favoreceron o nacemento do fascismo en Italia foron o descontento polos acordos de paz alcanzados tras a Primeira Guerra Mundial e a situación da posguerra, que se caracterizaba pola crise económica, o paro, a inflación e o malestar social, manifestado en movementos revolucionarios que asustaron aos sectores máis conservadores. A iso sumábase a existencia dun réxime democrático moi débil, incapaz de solucionar os problemas do país. Os sucesivos gobernos non foron capaces de facer fronte á axitación social, eran moitos os que pedían un goberno forte e orde nas rúas. Esas peticións serán atendidas polos fascistas.



? 29.- Que é o **fascismo**?

30.- Que **causas** favoreceron o ascenso do fascismo en Italia?

## VI.- OS FASCISMOS

? 29.- Que é o **fascismo**?

o 30.- Que **causas** favoreceron o ascenso do fascismo en Italia?

*Italia foi o primer exemplo dun país europeo, cun sistema democrático-parlamentario, no que as consecuencias da Gran Guerra provocaron o ascenso de opcións políticas nacionalistas e autoritarias que acabarían impondo un **sistema antidemocrático e ditatorial**.*

*Os **acordos de paz supuxeron unha gran decepción**, pois non atenderon as reivindicacións territoriais italianas, o que levou a posturas nacionalistas radicais. A esta situación sumouse a **inestabilidade política**, pois a imposibilidade de crear gobernos estables levou ao sistema democrático a unha crise de ingobernabilidade.*

*Por outro lado, a guerra deixou en Italia graves consecuencias humanas e económicas: miles de mortes e vítimas, industrias inutilizadas, gran inflación, paro... A **crise económica provocou unha gran tensión social**: algúns campesiños ocuparon as terras dos grandes terratenentes, os obreiros incautáronse de numerosas fábricas, as folgas pretendían obxectivos revolucionarios... todos estes movementos foron reprimidos, pero **o medo ao inicio dunha revolución social similar á rusa empezou a preocupar ás clases máis conservadoras**. Nesta situación de crise apareceu a figura de Benito Mussolini.*



► Nesta situación de crise apareceu a figura de **Benito Mussolini**, quen, en 1919, creou os **Fascios de combate**, grupos paramilitares uniformados con camisas negras, cos que pretendía frear o auxe do movemento obreiro, a base de atacar violentamente aos sindicatos e aos seus líderes. En 1921, os Fascios convertéronse no **Partido Nacional Fascista** (PNF), que se mostraba como o recurso máis eficaz para deter os movementos revolucionarios en Italia e garantir a paz e a orde pública. O novo partido contou co apoio da pequena burguesía, dos grandes propietarios e coa tolerancia da Igrexa Católica e do rei Vítor Manuel III.



En 1922, a exitosa intervención dos Fascios contra os sindicatos e as folgas obreiras levou a Mussolini a reclamar o poder. Para exercer presión, organizou unha **Marcha sobre Roma** cos “camisas negras”, logrando que o rei o nomease Xefe de Goberno. Poco despois o Parlamento concedeulle plenos poderes para aplicar medidas excepcionais.



? **31.-** Que son os **Fascios de combate**? A que **partido político** deron lugar? Que se **propoñía**?

**32.-** Como chegou **Mussolini ao poder**? Con que **apoios** contaba?


*Marcha sobre Roma,  
outubro de 1922*

- ? 31.- Que son os **Fascios de combate**? A que **partido político** deron lugar? Que se **proponía**?
- 32.- Como chegou **Mussolini ao poder**? Con que **apoios** contaba?

*Benito Mussolini, ditador e Duce de Italia entre outubro de 1922 e xullo de 1943, foi o principal teórico da doutrina que inspirou o movemento fascista italiano e o seu líder carismático. Nacido en 1883 dun matrimonio formado por un ferreiro socialista e unha mestra católica, Mussolini foi inicialmente el mesmo **mestre e xornalista socialista de profesión**. Abandonou as filas do Partido Socialista italiano en outubro de 1914, en desacordo coa súa postura pacifista por ser favorable á entrada de Italia na guerra. Combateu na guerra como soldado raso e, ao termo das hostilidades, transformado pola experiencia bélica, converteuse nun **nacionalista extremado e profundamente antiliberal e antisocialista**. Como líder do fascismo, chegou ao poder en 1922, presidiu a derrota de Italia na Segunda G.Mundial e foi asasinado polos partisanos, en abril de 1945, cando intentaba fuxir a Alemaña.*



*Mussolini fundou en 1919 as primeiras milicias fascistas, **Fasci Itliani di Combatemento**, que desde 1921, recibiron o nome de **Partido Nazionale Fascista**. Utilizando a violencia paramilitar como arma impuxeron as súas ideas e neutralizaron nas rúas aos inimigos: socialistas, comunistas, sindicalistas, folguistas... O 28 de outubro de 1922 organizou a **Marcha sobre Roma**, unha concentración duns 40000 fascistas cara a capital. O exército, o rei Vítor Manuel III e os sectores máis conservadores do Parlamento viron con bos ollos a demostración de forza de Mussolini, a quen o monarca terminou por encargarse de formar o Goberno.*



## *Unha expedición de castigo!*

Para lograr os seus obxectivos, os Estados fascistas desenvolveron formas de organización e acción capaces de mobilizar e manipular ás masas. Así, propiciaron a **creación de agrupacións paramilitares uniformadas**, que foron o principal instrumento para a toma e o control do poder e que se enfrontaron aos opositores en violentas batallas nas rúas. No texto, relato da actuación dos “**camisas negras**”, vestidos así en sinal de loito polas dificultades da Patria italiana.

*“A expedición de castigo parte, daquela, case sempre, dun centro urbano e espállase polo campo da redonda. Montados en camións e armados (...) os camisas negras diríxense ao lugar fixado como meta da súa expedición. Unha vez chegados, comezan golpeando con bastóns a todos os que atopan polas rúas e que non se descubran ao paso das bandeirolas ou leven unha gravata, un pano ou unha blusa de cor vermella (...).*

*Diríxense logo(...) ao Sindicato, á cooperativa ou á casa do Pobo; botan abaixo as portas, tiran á rúa os mobles, libros, mercadorías e régano todo con gasolina; minutos despois todo está a arder. Aqueles que se encontran dentro do local son golpeados salvaxemente ou asasinados.”*

Ángelo TASCA: “O nacemento do fascismo”, 1938



► Entre 1922 e 1924, Mussolini desenvolveu un proceso de limitación das liberdade e de persecución dos seus adversarios (socialistas, comunistas, demócratas...), pero mantivo a ficción dun réxime parlamentario. Despois das **eleccións de 1924**, gañadas por Mussolini grazas á violencia exercida sobre os seus oponentes, anunciou a instauración dun **réxime autoritario**. **A partir de 1925** o Estado e o Partido Nacional Fascista quedaron totalmente identificados nun réxime no que Mussolini, o **Duce**, tiña **todos os poderes** (a figura do rei, Vitor Manuel III era simplemente representativa). Os partidos políticos, agás o fascista, foron prohibidos, os seus líderes, perseguidos e encarcerados, e o Parlamento, substituído pola *Cámara dos Fascios*. Para reprimir calquera oposición usou á policía política (**Ovra**: *Organización para a vixilancia e a represión do antifascismo*).

As folgas quedaron prohibidas, e os sindicatos foron substituídos por un **sistema de corporacións** por oficios (organizacións profesionais que englobaban aos representantes dos obreiros, dos patróns e do Estado) coas que se pretendía evitar o enfrontamento de clases.

Tamén controlaba a economía, defendía unha **política económica proteccionista e autárquica** que aspiraba á autosuficiencia, poñendo en marcha obras públicas e orientando a produción a unha economía de guerra. Apoiaba ás empresas privadas, con pedidos militares e fortes subvencións.



O Estado exercía un férreo control da sociedade a través do Partido Fascista, que dirixía a vida social e dominaba os medios de comunicación (radio, prensa, cine...). Impúxose unha concepción enormemente conservadora da familia e do papel da muller, e nesa dirección Mussolini firmou un *Concordato coa Santa Sede*, para restaurar en Italia as atribucións da Igrexa Católica.

O **nacionalismo extremo** levou ao *Duce* a prometer a **creación dun Imperio Italiano** que, a semellanza do antigo Imperio Romano, controlaría o Mediterráneo. Con ese obxectivo, e a pesar das prohibicións e sancións por parte da Sociedade de Nacións, invadiu en 1935 Abisinia, para ampliar as colonias italianas no Norte de África. A súa agresiva política exterior levouno a unha estreita **colaboración con Hitler** desde 1936. Xuntos apoiaron a Franco na sublevación contra a *Segunda República* e en 1939 asinaron o **Pacto de Aceiro**, un tratado de alianza e apoio mutuo que desembocaría na Segunda Guerra Mundial.

? 33.- Cales foron as **principais iniciativas** levadas a cabo polo Goberno de Mussolini?




### Adoutrinando ás masas

Un dos métodos utilizados para organizar e controlar ás masas, especialmente aos máis novos, consistía na creación de **agrupacións xuvenís**, que espertaban o sentimento nacional e desenvolvían nos rapaces e rapazas o espírito de obediencia e acatamento fanático ao réxime. Na foto, xoves italianos dunha agrupación fascista.



? 33.- Cales foron as **principais iniciativas** levadas a cabo polo Goberno de Mussolini?



Marcha sobre Roma y consigue hacerse con el poder ( 1922 )





*O fascismo italiano foi unha ditadura que aspiraba a exercer un control absoluto sobre a sociedade, buscando a creación dun sistema político que se presentaba como unha alternativa, tanto da democracia liberal capitalista, como da ditadura do proletariado socialista. Caracterizábase pola primacía dos intereses do Estado e da nación sobre os dereitos dos individuos, nada escapaba ao control do Estado. O poder concentrábase nas mans dun único líder, O Duce, (“guía”, “conductor”) único capaz de conducir o pobo para que alcanzase o destino que a Historia lle tiña reservado. Todas as institucións (políticas, sociais, militares...) estaban supeditadas aos mandatos do líder (ditadura unipersoal), que era obxecto de veneración polo pobo (culto á personalidade). O encadramento e mobilización das masas nun único partido levou á prohibición e persecución de todos os demais. Rexeitábase a igualdade das persoas e os pobos, defendendo a supremacía duns individuos sobre outros, dos homes sobre as mulleres (papel de nais e compañeiras dos homes), dun pobo ou país sobre outro. As masas debían obedecer e cumprir as ordes que promulgaba a minoría considerada preparada para tomar as decisións en beneficio da sociedade. O Estado exercía un forte control ideolóxico e policial, empregando a propaganda para a exaltación dos valores fascistas e a violencia para eliminar calquera oposición. Para incrementar a riqueza e conseguir a autosuficiencia o Estado interviña na economía.*



*Os medios de comunicación (prensa, radio, cine...), así como as escolas e organizacións infantís e xuvenís, que estaban organizadas de forma militar, debían estar ao servizo da causa fascista e exaltaban os valores do pobo italiano. As ameazas, as malleiras, o cárcere, as execucións, os campos de traballo..., serviron para suprimir a oposición, especialmente a dos partidos de esquerda. O novo Estado fascista impoñía a orde e a disciplina, eliminando as liberdades individuais.*



*A propiedade privada era respectada, pero as actividades económicas debían estar sometidas á política e aos intereses do Estado fascista, que controlaba o mercado, fixaba os prezos e salarios, realizaba obras públicas que xeneraban traballo... Os sindicatos foron suprimidos e as folgas prohibidas; obreiros e patróns debían formar unha única corporación sometida ao Estado. Calquera intento de revolución ou reivindicación social debía ser perseguido, pero o Estado debía procurar que se alcanzaran melloras nas condicións de vida dos obreiros (traballo, vivenda, saúde...); por iso, o fascismo contou co apoio de parte da burguesía, pero tamén de parte dos obreiros.*



## B.- O NAZISMO ALEMÁN

Tras a derrota de Alemaña na Primeira Guerra Mundial, o káiser Gullerme II abdicou e proclamou a **República**, que estableceu a súa capital en Weimar e asentouse sobre unha constitución democrática. Pero no período de entreguerras Alemaña viviu unha situación de crise que favoreceu a **chegada ao poder de Hitler en 1933** e o establecemento dunha ditadura coñecida como **Terceiro Reich**.

► **O nazismo foi obra e creación de Adolf Hitler**, quen recolleu a esencia do seu pensamento na obra "*A miña loita*" (Mein Kampf, 1925). Comparte características co fascismo italiano, pero engade dúas importantes matizacións:

- **O racismo**, defendendo a superioridade da raza aria (alemá) fronte aos demais pobos, e o antisemitismo (odio aos xudeus), considerados como raza inferior e causantes de todos os males que padecen os alemáns. A defensa da pureza da raza alemá xustificará a eliminación dos enfermos mentais e dexenerativos, a prohibición dos matrimonios interracialais, e o intento de supresión doutras razas consideradas inferiores (xitanos, eslavos...)

- **O espazo vital**, en consonancia coa grandeza da raza alemá e o aumento da súa poboación, ampliando o territorio de Alemaña coa anexión de novos territorios.




? 33.- Que rasgos identificativos **diferencian** ao nazismo do fascismo?

**Lema do nazismo: un Pobo, un Imperio, un Líder!**

► Entre as **causas** que favoreceron o a chegada dos nazis ao poder destaca a fonda crise económica que sucedeu á IGM, agravada polos elevados pagos das indemnizacións impostas polos vencedores. Ademais, a derrota provocou un profundo sentimento de humillación e ansias de vinganza. O Goberno da República, en manos do Partido Socialdemócrata non foi capaz de solucionar nin a crise económica nin de dar unha axeitada resposta aos movementos revolucionarios extremistas de comunistas e nacionalistas, que os culpaban de ter aceptado as condicións do Tratado de Paz de Versalles.

► Nesta situación de crise apareceu a figura de **Adolf Hitler**, quen ingresou en 1920 no **Partido Nacionalsocialista dos Traballadores Alemáns** (NSDAP), do que foi elixido líder indiscutible. **O programa nazi** esixía a revisión do Tratado de Versalles, mostraba o seu desprezo pola democracia parlamentaria e o seu odio ao bolxevismo. Defendía o antisemitismo, a superioridade da raza aria e a necesidade de forxar un gran Imperio (Reich), que unise a todos os pobos de lingua alemá. Para convencer ás clases traballadoras prometeu traballo para todos, mellorar os salarios... O Partido nazi escolleu como **emblema** a bandeira vermella coa cruz gamada e dotouse dunha organización paramilitar, as **Seccións de Asalto** (SA), que se opoñían violentamente ás organizacións de esquerda, presentándose como unha garantía da orde social fronte á axitación revolucionaria. En **1923**, os nazis intentaron, co apoio dalgúns xefes militares, dar un **golpe de Estado en Múnic**, pero fracasaron; Hitler foi condenado a 5 anos de prisión, pero só estivo uns 9 meses.

? 35.- Que **causas** favoreceron o ascenso dos nazis en Alemaña?



## B.- O NAZISMO ALEMÁN


? 34.- Que rasgos identificativos **diferencian** ao nazismo do fascismo?

? 35.- Que **causas** favoreceron o ascenso dos nazis en Alemaña?

36.- Que é o **NSDAP**? Quen era o seu **líder**? Cal era os seu **ideario**? Cal foi o seu **primer intento** de chegar ao poder?



*Protagonistas do golpe de Estado de 1923, Múnic.*



### *Programa nazi 1920*

- 1. Esiximos a unión de todos os alemáns para constituír unha Grande Alemaña...*
- 2. Esiximos a abolición dos Tratados de Versalles e de Saint Germain.*
- 3. Esiximos espazo e territorios para a alimentación do noso pobo e para establecer o noso exceso de poboación.*
- 4. Ninguén...salvo aqueles por cuxas veas corra sangue alemá...poderá ser membro da Nación. Por conseguinte, ningún xudeu será membro da Nación alemá.*

? 36.- Que é o NSDAP? Quen era o seu líder? Cal era os seu ideario? Cal foi o seu primer intento de chegar ao poder?

► Entre 1924 e 1929, Alemaña viviu un período de relativa melloras das condicións económicas e dunha certa estabilidade social. Pero a retirada do capital americano como consecuencia da crise de 1929, arrastrou a moitos bancos á quebra, o que provocou peche de fábricas, paro... O malestar social inclinou a boa parte da poboación cara ás propostas dos partidos extremistas. Os intelectuais e a maioría dos obreiros inclináronse polo Partido Comunista. Burgueses arruinados, campesiños e algúns obreiros desesperados foron atraídos polas promesas nazis, que tamén contaron co apoio de importantes personalidades da industria e das finanzas, que lles aportaron importantes axudas económicas.

Nas eleccións de 1932, O Partido Nazi conseguiu case 14 millóns de votos e, en xaneiro de 1933, logrou que o Presidente Hindenburg nomease a Hitler Chanceler (Xefe de Goberno) dun Goberno de coalición. A estratexia a seguir para tomar o poder foi actuar nas rúas empregando a violencia contra os inimigos políticos e contar cunha maioría parlamentaria. Hitler convocou novas eleccións para marzo de 1933, en plena campaña electoral os escuadróns da SA e SS provocaron un incendio no Reichstag (Parlamento) e acusaron aos comunistas. Este incidente serviu de pretexto a Hitler para eliminar aos seus adversarios e esixir plenos poderes. En 1934, tras a morte de Hindenburg, puxo fin á República e proclamouse Führer e Chanceler do III Reich.



? 37.- Que consecuencias económicas e políticas tivo a crise do 29 en Alemaña?

38.- Explica como conseguiu Hitler facerse co poder.


? 37.- Que **consecuencias** económicas e políticas tivo a crise do 29 en Alemaña?

o 38.- Explica como **conseguiu** Hitler facerse co poder?



*Adolf Hitler, ditador e Führer de Alemaña entre os anos 1933 e 1943, naceu nunha localidade fronteriza de Austria en 1889. Era fillo dun funcionario de aduanas. Na súa adolescencia quedou orfo e trasladouse a Viena, onde se matriculou en estudos artísticos e comezou a interesarse pola política, converténdose nun convencido panxermanista, partidario da unión de Alemaña e Austria, e nun incipiente antisemita. Combateu na Primeira Guerra Mundial como voluntario e foi condecorado. A “amargura” da derrota transformouno e na posguerra comezou a preparar o salto á política no seo dos grupos extremistas anticomunistas e antidemocráticos, liderando o Partido Nazi.*

*De personalidade complexa, sufría constantes ataques de ira e brotes paranoicos, pero as súas facultades oratorias enardecían ás masas e logrou un respaldo cego por parte da sociedade alemá, que buscaba a maneira de saír da persistente crise económica e social. En 1933 foi nomeado Chanceler e en poucos meses transformouse en ditador absoluto. Gobernou con man de ferro e conduciu ao seu pobo á Segunda Guerra Mundial. Deixando tras de si unha Alemaña invadida e derrotada, suicidouse no seu búnker de Berlín o 30 de abril de 1945.*





O Partido Nazi contou desde o principio co apoio dunha organización paramilitar, as **Seccións de Asalto (SA)**, coñecidos como os “camisas pardas”, que actuaba como unha forza de seguridade que protexía os mitins, reprimía con violencia aos inimigos políticos e alentaba a propaganda e o activismo en favor da causa nazi. Tras iniciarse a ditadura de Hitler, o Fürher ordenou en 1934 unha purga interna dos seus dirixentes (Noite dos Coitelos Largos) e esta organización pasou a un segundo plano.



Instaurado no poder, **Hitler desencadeou unha feroz represión** contra os opositores políticos de todo tipo (comunistas, socialistas, demócratas liberais...) e contra sectores da poboación xulgados perigosos ou indesexables (xudeus, xitanos, enfermos mentais, homosexuais...). Ademais de utilizar para iso a unha nova policía secreta creada en 1933, a **Gestapo**, tamén mobilizou as **Seccións de Protección (SS)**, unha unidade paramilitar nacida en 1925 coa función de garda persoal de Hitler e os seus colaboradores máis cercanos. Co paso do tempo chegou a ter máis de 200000 integrantes e acabou converténdose nunha despiada policía política, que tamén velaba pola preservación da raza aria. A detención sin garantías, a reclusión en prisións e campos de concentración, os métodos de tortura e o medo remataron coa oposición ao réxime.



► Tras chegar ao poder, o **Führer iniciou unha ditadura**, converténdose nun **líder indiscutible** a quen se debería obedecer cegamente: suprimíronse as liberdades, ilegalizáronse todos os partidos e sindicatos; só foi autorizado o Partido nazi e todos os traballadores foron obrigados a afiliarse ao único sindicato (*Frente do Traballo Nacionalsozialista*). Para controlar á poboación implantouse un **Estado policial**, integrado fundamentalmente pola SS (Garda persoal de Hitler) e a Gestapo (policía secreta), que perseguiron a todo opositor e enviaron a miles de alemáns a campos de concentración.

Ademais do terror, fixeron **uso da propaganda para dominar á poboación**, todos os medios de comunicación foron controlados (prensa, radio, cine...) para enxalzar ao líder, ao tempo que se reforzaba a superioridade da raza aria e se mostraba unha visión denigrante doutras razas, sobre todo dos xudeus. A **educación tamén transmitía a ideoloxía nazi**, a xente nova tiña que ingresar nas *Xuventudes Hitlerianas*, onde recibían educación militar e política.

O Goberno nazi tamén **interveu na economía**, o seu principal obxectivo era conseguir a **autarquía**, baseada no desenvolvemento da industria pesada, sobre todo a de armamento, e loitando contra o desemprego cun amplo programa de obras públicas. Pero para manter o seu crecemento, necesitaba contar con materias primas e novos mercados, o que se logrou mediante a anexión doutros territorios.

Hitler adoptou unha **política militarista e agresiva**, baseada no rearme, o rexeitamento do Tratado de Versalles e as reivindicacións territoriais, necesarias para dotar a Alemaña dun “**espazo vital**”. Todas esas actuacións **conduciron á Segunda Guerra Mundial**.



? 39.- Fai un esquema das **medidas totalitarias** tomadas por Hitler.



39.- Fai un esquema das **medidas totalitarias** tomadas por Hitler.



O mantemento da pureza racial da sociedade alemá levou á persecución e eliminación de toda minoría considerada inferior: xitanos, dimi-nuídos físicos ou psíquicos... pero especial importancia tivo a persecución dos xudeus. En 1933 promulgouse o boicot aos negocios xudeus, en 1935 diar as Leis de Nuremberg, que impedían os matrimonios mixtos e excluían aos xudeus da cidadanía alemá, en 1938 se lles obrigou a levar un distintivo (Noite dos cristais rotos). Moitos foron sometidos a traballos forzados ou exterminados.



Para o Estado nazi, a sociedade alemá debía ter unha total **unidade ideolóxica**.

Creouse o Ministerio de Cultura e Propaganda para impoñer un **pensamento baseado nas ideas racistas e nacionalitas**. A ciencia, a educación, a cultura (prensa, libros, radio, cine...) nazificáronse, aniquilando a liberdade intelectual.

O nazismo dedicou grandes esforzos a adoutrinar á poboación nova, organizada nas **Xuventudes Hitlerianas**. A propaganda e o medo, pero tamén o atractivo do proxecto hitleriano, que exaltaba a grandeza de Alemaña, o orgullo da raza, un futuro de progreso, levou á adhesión da poboación e un desentendemento respecto dos métodos dos nazis. Todo iso permitiu ao nazismo presentarse ante o mundo como un réxime incontestado que contaba co apoio da maioría da poboación.



Reichsparteitag-Nürnberg



# EL NAZISMO

Hitler funda el Partido Nacional Socialista Alemán. ( 1921 )

Intenta tomar el poder por la fuerza y fracasa (Putsch de Munich, 1923)



## Causas de su ascenso



Situación de Alemania tras la guerra

Insatisfacción provocada por el tratado de Versalles

Debilidad del régimen democrático de la República de Weimar

Graves dificultades económicas (paro, inflación)

Crisis de 1929

El impacto de la crisis de 1929 en Alemania resulta decisivo para que el Partido Nazi aumente su respaldo electoral y Hitler llegue al poder. En 1933 es nombrado "canciller".

## Organización del Estado nacionalsocialista

Dictadura personal de Hitler. Anulación de derechos y libertades.

Represión violenta de la oposición política y de los judíos

Disolución de los partidos y sindicatos. Partido único: nazi

Control del Estado por parte del partido nazi. Control de la juventud y de los medios de comunicación

Exaltación de la figura del líder (Führer = Hitler)

Desarrollo de la producción armamentística y construcción de infraestructuras

Política exterior agresiva y expansionista

Revisión del tratado de Versalles

A partir de 1938, conquista de territorios: Austria, Checoslovaquia y Polonia

II Guerra Mundial. 1939





### HITLER Y EL NAZISMO

- 1920: creación del Partido Nacionalsocialista de los Trabajadores Alemanes (partido nazi).
  - extrema derecha nacionalista.
- 1921: Hitler --> principal dirigente del partido.
- 1923: intento de golpe de estado (Putsch de Múnich).
- Hitler es encarcelado: escribe Mein Kampf (Mi lucha).

### Durante la de los 20.

- Empleo de la violencia: (Secciones de Asalto -SA- del partido nazi).
- Creciente apoyo al partido nazi de clases medias y grandes industriales.

### Ideas políticas del nacionalismo

- Nacionalismo.
- Estado fuerte y centralizado (partido único, jefe carismático).
- Derogación del Tratado de Versalles.
- Superioridad de la raza aria.
- Antisemitismo.
- Expansionismo (espacio vital).
- Rechazo de otras ideologías; liberalismo, socialismo y comunismo

### ASCENSO DE HITLER AL PODER

Entre 1933 y 1934, rápida carrera hacia el poder absoluto: de la República de Weimar a la dictadura.

- Enero 1933: Hitler, canciller.
- Convocatoria de elecciones generales.
- Quema del Parlamento (Reichstag).
- Persecución de comunistas.
- Decreto de Protección de la Nación y Estado --> primera ley dictatorial.
- Elecciones de marzo --> triunfo de Hitler, pero no por mayoría absoluta.
- Acta de Habilidadación --> plenos poderes para Hitler.
- Junio, 1933 --> partido nazi, único permitido.
- Eliminación de los disidentes del propio partido --> "noche de los cuchillos largos".
- Agosto de 1934: Hitler, canciller y presidente: poder absoluto, dictador, "Führer".



### LA DICTADURA NAZI

#### Persecución de judíos

- Leyes de Núremberg

Instrumentos de control del Estado, depuración política, social y administrativa

- Campos de concentración.
- Gestapo.
- SS

Instrumentos de control y sometimiento del individuo

- El partido nazi y sus organizaciones (juventudes hitlerianas...).
- Frente del Trabajo: corporativismo.

#### Política económica

- Fuerte intervención del Estado.
- Autarquía.
- Fomento de grandes obras públicas.
- Crecimiento de la industria armamentista.

#### Política cultural y artística

- Fuerte control mediante la censura y la depuración de las Universidades

- Favorece a la gran industria y la banca.
- Somete y controla a la clase obrera: sin derechos ni instrumentos de protesta y defensa.

### RÉGIMEN DE SUMISIÓN Y PERSECUCIÓN.

